

THE JOYCEAN SOCIETY

07

[Dora García, 2013]

OS OLLOS VERDES

ESTREA EN NUMAX 08.04.2015

FICHA TÉCNICA

The Joycean Society, 2013, 53'

Dirección: Dora García

Participación: Fritz Senn, Sabrina Alonso, Ron Ewart, Tad Lauer, Hansruedi Isler M.D., Mary Moore, Seamus Hughes, Janos Biro, Walter Albrecht, Andrea Matha, Marc Emmenegger, Gabi Schneider, Sylvia Herzig, Andreas Flückiger, Dora García, Jan Mech & Geert Lernout.

Imaxe: Arturo Solís

Montaxe: Dora García, Inneke Van Waeyenberghe

Son: Laszlo Umbreit

Música: Jan Mech

Producción: Auguste Orts (Bélxica) por encomenda de Fondation Prince Pierre de Monaco, XLVème Prix International d'Art Contemporain

Data da estrea en España: 08.04.2015

Distribución: Auguste Orts

Formato de proxección: arquivo dixital HD 1080p, 1.77:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

The Inadequate, 2011

The Deviant Majority, 2010

The Innocents, 2009

Where do characters go when the story is over? (part I & II), 2009

*Adaptación, M*A*S*H*, 2009

Just Because Everything Is Different

It Does Not Mean That Anything

Has Changed, 2008

Film (Hôtel Wolfers), 2007

FESTIVAIS E PREMIOS

55 Biennale de Venezia 2013 /

45e Prix International d'Art

Contemporain de la Fondation

Prince Pierre 2013 / Transcinema

Lima 2013 (Mención especial) /

FID Marseille 2013 / International

Film Festival Rotterdam 2014 /

FIGUNAM México 2014 / BAFICI

Buenos Aires 2014 / CPH:DOX

Copenague 2014 / Festival


Internacional de Cine de Xixón 2014

SINOPSE

Un grupo de persoas xúntanse desde hai máis de 30 anos para ler e reler o último libro de James Joyce, *Finnegans Wake*. Cando chegan á última palabra, un moi enigmático «the», recomezan outra volta coa primeira, «riverrun». O texto parece inesgotábel, a súa interpretación interminábel, a inconclusa natureza da súa lectura emocionante. O mundo parece non existir fóra desta sala de lectura ou, se cadra, existe grazas a ela.

«La emoción que merece la pena es la que te inquieta, como en la estructura de un *thriller*»

Dora García, entrevista en *El Cultural*



Aaron Schuster entrevista Dora García

AARON SCHUSTER: Jacques Lacan comentou unha vez que o *Finnegans Wake* é un libro que «se le a si mesmo» (...)

DORA GARCÍA: É certo, ou como di alguén, en *Finnegans Wake* «a linguaxe fala». Aínda que *The Joycean Society* é só tanxencialmente un filme sobre *Finnegans Wake*; o seu suxeito central é a xente que le *Finnegans Wake*, os lectores. Un libro así produce un tipo moi particular de lector. Non souben nunca de ningún outro libro que crease unha poboación tan específica, distintiva e dedicada —unha comunidade irreverente, unha irmandade sen xerarquías. A sociedade creada polo *Wake* é un dos aspectos máis fascinantes do texto. Moitas das ideas admitidas sobre a linguaxe, a literatura e a lectura estouran en anacos cos lectores do *Wake*: non hai autoridades, soamente persoas que dedican moito tempo ao texto. Non está escrito realmente en inglés, polo que os falantes nativos de inglés non están en mellor posición para lelo; como dixo Beckett: «non te podes queixar de que isto non estea escrito en inglés. É que non está escrito en absoluto». Moitos espectadores sitúan o meu filme en Dublín porque non poden crer que xente de Zúrich, obviamente non irlandesa nin inglesa, poidan ter algún interese no libro. O que non saben é que Irlanda (e Inglaterra!) son uns dos lugares da Terra con menos interese no *Finnegans Wake*.

A.S.: Gústame esa idea da comunidade irreverente. (...) Vénme á cabeza a túa delongada investigación sobre os movementos antipsiquiátricos e antiinstitucionais dos 70, especialmente o teu traballo sobre Franco Basaglia e os artistas que se posicionaban explicitamente como marxinais, canda outros inadaptados, disidentes e excéntricos. A Sociedade Joyceana é un deses grupos marxinais e excéntricos, parte desa *maioría marxinalada*, por citar o título doutro dos teus filmes.

D.G.: Está claro, e é moi certo. Nunca dirixín as persoas que aparecen no filme, nunca lles dixen o que tiñan que dicir e, así e todo, Fritz Senn (o director da Fundación James Joyce de Zurich) realmente apunta a aquilo que estás a suxerir cando di: «Non digo isto ironicamente, tamén é un grupo de terapia, faise algo... e penso que pode ser de máis axuda que outras terapias polas

que pagas... se cadra ler o *Finnegans Wake* é un substituto para as persoas que polo xeral non teñen moito éxito na vida, coma min. Cando menos podes interactuar cun texto. Se fôsemos máis felices igual seríamos banqueiros ou teríamos unha vida emocionalmente completa. Coido, e aquí só me limito a seguir algunhas ideas case freudianas, que a cultura é unha caste de substituto de praceres que nos foron negados por moitas razóns.»

A.S.: A maneira en que filmas o grupo suxire unha intimidación real, mesmo unha complicidade. A cámara cinguese estreitamente aos membros da Sociedade Joyceana, pero hai tamén unha sensación de distancia case clínica, unha especie de documentación antropolóxica desta tribo perdida de lectores devotos na selva de Suíza.

D.G.: Hai pouco o filme foi proxectado en Bos Aires, con numerosos paseos no marco dunha comunidade de psicanalistas e estudiosos de Joyce, que ás veces eran a mesma persoa. Eles comprenderon axiña que eu filmara os lectores da Fundación James Joyce como a encarnación dun dos episodios máis recoñecidos do *Finnegans Wake*: Mamalujo —os catro anciáns a discutir interminabelmente o texto. Cando deixen de ler o texto, o mundo colapsará.

A.S.: En efecto, a lectura do texto ten ese sentimento case máxico de encantamento. Unha das cousas maravillosas deste filme é a súa atención á lenta, sinuosa, incerta, en ocasións divertida e outras dolorosa, arte da lectura. Se cadra non hai nada mellor para participar dun texto que lelo en voz alta nunha comunidade, para deterse, discutir, argumentar, facer libres asociacións, divagar e seguir adiante.

D.G.: En *Una historia de la lectura*, de Alberto Manguel, aprendemos que o lector individual, que le un texto sen facer ningún ruído nin mover os beizos, é un fenómeno moi estraño e recente. A lectura ten sido sempre unha experiencia de grupo. Así, e outra volta como di Fritz Senn, hai algo moi moderno no libro, e aínda estamos tratando de sermos contemporáneos do *Finnegans Wake*. Pero de novo hai algo moi antigo niso, algo relacionado de feito coa lectura de textos sagrados, mesmo se, como texto, este non é moi sagrado.

Entrevista con Dora García por Aaron Schuster, tirada de <http://www.vdrome.org/garcia.html>. Tradución ao galego desde o inglés orixinal: Pablo Cayuela

MATERIAIS

OS LIBROS DE DORA GARCÍA

[velaquí a selección de libros que Dora García nos propuxo para a Librería NUMAX]

Los Detectives Salvajes, Roberto Bolaño
Finnegans Wake, James Joyce
Cuentos de Imaginación y Misterio, Edgar Allan Poe
El ladrón, Robert Walser
Clairvoyant Journal, Hannah Weiner
Historias de cronopios y de famas, Julio Cortázar
En la colonia penitenciaria, Franz Kafka
El horla, Guy de Maupassant
Wakefield, Nathaniel Hawthorne
El chiste y su relación con el subconsciente, Sigmund Freud

NA NOSA LIBRARÍA

A voz do trevón. Unha aproximación a Finnegans Wake. Alberte Pagán. Laiovento, 2000
Ulises. James Joyce. Galaxia, 2013
Fragmentos de Ulises 1926. Ramón Otero Pedrayo. Galaxia, 2003
Dublínese. James Joyce. Alianza editorial, 2011
Retrato do artista cando novo. James Joyce. Laiovento, 1994
La comunidad desobrada. Jean-Luc Nancy. Arena libros, 2001
Sí / Yes / Oui. No / No / Non. Dora García. MUSAC, FRAC Bourgogne, 2005
Una historia de la lectura. Alberto Manguel. Alianza Editorial, 1998

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org